



# Honrando...

Pilar Sampedro

Un día daqueles nos que con Agrelo andabamos organizando actividades de homenaxe a algún dos que nos foran deixando, díxenlle: "Ben, Pepe, menos mal que a ti xa se che recoñece en vida, así que se te vas antes ca nós, poderemos descansar". Pero os tempos aínda non son chegados, as palabras do himno continúan preguntando máis que afirmando e esa frase dita nun momento de optimismo non me tranquiliza... Creo que coma Sísifos, teremos que continuar cargando coa dura rocha ás costas, acantilado arriba, para recomenzar unha e outra vez lembrando a aqueles que labraron no común máis que no propio, e teremos que facelo nós.

Por iso, o primeiro que me ven á mente son imaxes relacionadas con actos de respecto.

Con el teño compartido a responsabilidade de recoñecer a aquelas persoas coa que coincidimos no tempo e sentíamos que había que visibilizar. Era unha tarefa que nos impoñiamos porque nos resultaba inxusto o silencio ao que se sometía a aqueles aos que se lles debía moito, a nivel de dignidade, de cultura ou de arte. Traballamos coa mirada posta en Don Basilio, o tenro galeguista que tivemos a sorte de coñecer, fixémoslo da man de Hermida (o home que inventariaba a contemporaneidade) e outros ¡xa non sei cantos daqueles quedan en pé! Botáranos unha man Xaquín Marín, que para a ocasión lle tocou escribir, e contamos coa colaboración do concello daquela presidido por Bieito.

Con el tamén comezamos a lembrar a Avilés de Taramancos, primeiro nós os dous, por medio dun libriño que pretendía levalo á escola Aproximación didáctica a Avilés de Taramancos. A palabra amiga. Logo, organizando ou coordinando actos cada marzo, baixo o selo de Amigos de Avilés, nos que foron colaborando uns e outros; máis tarde, cando houbo recambio, deixamos nas súas mans ese cometido.

A Pepe fixéranselle varias homenaxes... eu participara naquela tan afectiva de respecto ao mestre realizada en Esteiro nos últimos días de Avilés e para a que el escribira un fermoso texto. Eramos xentes moi diversas as que estabamos alí e quizás esa fora a maior riqueza daquela celebración. Logo tiven, primeiro a ousadía de asistir ao nacemento do premio Leixaprén, e aos poucos anos á entrega deste premio a Agrelo, unha distinción a aqueles que tiñan feito un traballo xeneroso en defensa da lingua, poucos o merecían coma el, por iso me sentín feliz de que se lle puidera outorgar. Houbo outras homenaxes nas que non puideron participar, pero que me reconfortaban porque dende sempre sei que só un pobo que recoñece aos seus mellores homes e mulleres é quen de mirar ao futuro, e facelo cun mestre, cun defensor da lingua e da cultura do país, cun home de esquerdas e nacionalista é facelo dalgunha maneira tamén coa terra. De aí a frase coa que pensei que os traballos estaban rematados, ... pero agora, sei que só o estarán cando sexa o

oficialidade quen o faga e daquela quedarémos tranquilos nós.

Porque algúns sabemos o que hai detrás destas vidas que pospuxeron as leiras de seu polo traballo en man común, que gastaron o mellor de si mesmos nas tarefas da patria, ás veces acompañados por xentes que non chegaban a coñecer o alcance do que construían... Porque esas obras de teatro representadas por Candeia eran as leccións que el lle impartía ao pobo sen aula nin horario, sen soldo nin trienios, esas pezas escribíanse para dar luz na escuridade das longas noite de pedra e chuvia. ¿Que vida cultural tiña a comarca sen Candeia naqueles anos de transición? Porque aquelas obras de teatro que representaba cos rapaces e rapazas do colexio de Esteiro eran espellos nos que poder mirarse e faros que guiaban aos mestres máis renovadores. Xa non falemos do traballo político de alguén que se apunta ao lado dos perdedores sempre, ou do traballo sindical dos que nunca se sindicaron para defender as súas condicións persoais ou corporatiñas. Ou do dinamizador cultural e educativo, do home que era un referente en toda a zona e que nunca dicía non a calquera proposta con algo de base. Un home querido por moitos, de diferentes signos ideolóxicos, un home que se facía querer.

“Ao teu lado síntese o pulso da Historia, vese construíla...” dixéralle un dos seus alumnos. E así era. Porque todo o que percorremos xuntos serviría para analizar á perfección o momento histórico; de calquera deles se podería ter sacado unha ensinanza. Como aquela vez que unha editora catalá nos encargara un libro de texto de galego porque pensara que en Galicia non podían vender os outros materiais se non contaban con ese, pero cando se deron conta de que isto non era Cataluña senón un lugar no que a xente a pesar de transición e a democracia, do estatuto de autonomía e o decreto de normalización lingüística, seguía avergonzándose de ser o que somos, daquela, deixáronnos tirados co texto feito, e non só

eles... Era historia do país, era –como diría Avilés- deitar a Galicia no diván para ver o que descubrimos, o peor é que nos acababa doendo o espírito e se nos borraba o sorriso da boca. Pero foron sábados, realizando unidade a unidade, sempre en lugares nos que facía frío ata a hora de comer na que os viños navarros nos facían entrar en calor, foron sábados gloriosos que ás veces seguían aos venres culturais que instaurara Avilés. ¡A Noia daqueles tempos!

Tamén fora histórico aquel curso da universidade de verán que puideramos levar a cabo grazas –de novo a Bieito e á concelleira de cultura que todos chamabamos a Nena- “A educación en valores nunha sociedade en crise”. Eran os tempos da LOXSE, de facerlle fronte aos contidos chamados transversais porque debían atravesar todas e cada unha das disciplinas, ao que se chama educar en valores e actitudes porque se ían a explicitar e pensabamos que o tema debía interesar. Eramos dous mestres dirixindo un curso da universidade e inmediatamente fixemos declaración de corpo único de ensinantes, levabamos toda a vida defendendo así que tiñamos dereito.

O último que fixeramos por Avilés, finalizando o ano das súas Letras, foi aquel Barbanza único, que pretendía lembrar o que fora aquela experiencia que eu só vivira como beneficiaria dunha subscripción pero el o fixera como xefe de redacción: a edición dun semanario ao longo dun tempo, integramente en galego. Ao respecto, hai que lembrar o que dicía a directora, os mellores nunca protestaban, a Avilés ou a Pepe chamábalos á hora que fora e nunca se negaban a facer o que fixera falta, nunca poñían problema nin ían de figuras ¡tiñas que ver a ... outros! Pois si, ¿é que non sabemos que non todos eran conscientes, de novo, do que se traían entre mans, do que había detrás dun xornal desas características? É unha obviedade dicilo? Non é politicamente correcto? Certamente, e mal que nos pese, non hai tanta xente consciente do que iso supón, do contrario non estaríamos onde estamos.



No 2003 tocounos facer xuntos un par de traballos ademais do xa citado, ir a un instituto da Coruña e a unha mesa redonda no Congreso de Avilés en Noia, en ambos casos foi todo moi apurado e unha ensamblexe de horarios e urxencias, pero aínda así, sempre era un pracer facer calquera camiño con el e poder botar a vista atrás para mirarnos co orgullo dos anos pasados e a esperanza dos que estaban por vir

As últimas veces que nos vimos atopeino moi ben, centrado nos netos, ata o punto de que lle lembrei La sonrisa etrusca a alguén que nunca fora de macho, pero tal vez si de demasiado ocupado fóra da casa. Estaba tan feliz disfrutándoos...e penso que nós tamén de pensar que ía ter ese tempo de goce ao que non puidera entregarse cando a crianza dos fillos por estar noutros traballos (... os de Ulises non son nada!). Falaba deles a cada instante, pero só nós sabemos canto ten falado tamén dos fillos, das

esperanzas depositadas neles, do tremendo afecto vertido neses corpos para que del fixeran libremente o que quixeren ¡así é o amor gratuíto!

A derradeira visita foi a da impotencia que eu quixen sentir esperanzada. Non podía falar nin moverse, el que era todo palabra e dinamismo, por iso, pensando coa ilusión non quixen ler a desesperación nos seus ollos senón a enerxía que o devolvería á vida. Pero non puido ser...

Seguramente ha de haber asuntos nos que andedes, tamén, dese outro lado, facendo ben, agora que xa sodes tantos.

Síntese o mar, bravo e aberto dende a casa, nesta noite de defuntos na que tento lembrar porque non teño que homenaxearte, a ti, amigo, compañeiro das batallas dunha vida de mestre e dinamizador cultural, defensor da lingua e a cultura, home de libro e de teatro, amigo, amigo, amigo, amigo, amigo... ♦